

## INFORME

Área intervención

Nº ref.: 27/02/2014

(MLD/mmv)

**Asunto: Liquidación do orzamento da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2013**

D<sup>a</sup>. Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Excm<sup>a</sup>.Deputación Provincial de Ourense, en cumprimento do establecido no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en relación co asunto de referencia emite o seguinte informe:

### **Normativa aplicable:**

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 191 a 193 (TRLFL, en diante).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, artigos 89 a 105 (RD 500/199, en diante)
- Orden EHA/4041/2004 , de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo Normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto Lei 3/2013, de 22 de febreiro, polo que se modifica o réxime das taxas no ámbito da Administración de Xustiza e o sistema de asistencia xurídica gratuíta.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira.
- Lei Orgánica 4/2012, de 28 de setembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE**

- Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica de Sosteñibilidade Financeira.
- Bases de Execución do Orzamento da Corporación Provincial.

**Informe:**

Primeiro.- Confeción e aprobación.

A liquidación do orzamento pode definirse como o conxunto de operacións realizadas ao peche de cada exercicio en orde a determinar o importe das operacións en curso, o resultado orzamentario e o remanente de tesourería. Constitúe un acto administrativo independente da Conta Xeral, tanto polo contido como polo procedemento e órgano competente para a súa aprobación.

Tal e como se desprende do disposto no artigo 191 do TRLFL, a liquidación do Orzamento debe confeccionarse en referencia aos dereitos recadados e ás obrigas pagadas a 31 de decembro do ano natural do exercicio económico en cuestión. Os dereitos liquidados pendentes de cobro e as obrigas recoñecidas pendentes de pago a 31 de decembro quedarán a cargo da Tesourería, aparecendo recollidos no denominado remanente de tesourería, analizado en puntos posteriores.

Tanto o TRLFL como o RD 500/1990 establecen que o peche e liquidación do Orzamento efectuarase, no que atinxe á recadación de dereitos e ao pago de obrigas, a 31 de decembro do ano natural, estando obrigadas as entidades locais a confeccionar os estados demostrativos da Liquidación antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.

A competencia para aprobar a liquidación do orzamento corresponde ao Presidente da Corporación, previo informe de Intervención, segundo o disposto no artigo 192.2 do TRLFL, debéndose dar conta ao Pleno da Deputación na primeira sesión que se celebre trala súa aprobación (artigo 90.2 do RD 500/1990). Unha vez aprobada deberá remitirse copia da Liquidación e do expediente de tramitación á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que este determine (artigo 91 do RD 500/1990).

O art. 89 do RD 500/90 dispón que *“El cierre y liquidación de los presupuestos de la Entidad Local y de los Organismos Autónomos de ella dependientes se efectuará, en cuanto a la recaudación de derechos y*



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE**

*el pago de obligaciones, el 31 de diciembre del año natural. 2. La confección de los estados demostrativos de la liquidación del Presupuesto deberá realizarse antes del día primero de marzo del ejercicio siguiente”.*

Unha vez elaborados os estados demostrativos da liquidación do Orzamento do exercicio 2013, e segundo establecen os arts. 191.3 TRLRFL e 90 RD 500/90, emítase por esta Intervención o preceptivo informe referente á liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2013, para a súa aprobación, se procede, polo Presidente da entidade.

Segundo.- Contido

O expediente da liquidación do Orzamento está integrado polos correspondentes estados que poñen de manifesto os seguintes extremos, de acordo co art. 93 RD 500/90:

- a) Respecto do Orzamento de Gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, modificacións, créditos definitivos, gastos autorizados e comprometidos, obrigas recoñecidas, pagos ordenados e pagos realizados.
- b) Respecto do Orzamento de Ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, modificacións, previsións definitivas, dereitos recoñecidos e anulados e os recadados netos.
- c) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- d) O Resultado Orzamentario do exercicio.
- e) Os remanentes de crédito.
- f) O Remanente de Tesourería.

Deste xeito, como consecuencia da liquidación do Orzamento determinaranse:

- g) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro
- h) O resultado orzamentario do exercicio
- i) Os remanentes de crédito
- j) O remanente de Tesourería

Preséntase a continuación o resumo das principais magnitudes orzamentarias, referidas todas elas á data do peche do exercicio (31/12/2013).

Terceiro.- Estado de execución do orzamento



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE**

Capítulo de gastos	Créditos iniciais	Modificacións	Créd.definitivos	ORN	%
1. GASTOS DE PERSOAL	27.814.622,96 €	1.713.699,59 €	29.528.322,55 €	28.190.279,22 €	95,47
2.G.BENS CORRENTES E SERVICIOS	15.270.249,97 €	1.175.788,07 €	16.446.038,04 €	12.619.967,25 €	716,74
3. GASTOS FINANCEIROS	1.806.424,56 €	- 31.430,27 €	1.774.994,29 €	800.470,03 €	45,10
4.TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.046.000,00 €	1.447.340,39 €	6.493.340,39 €	5.586.441,59 €	86,03
6. INVERSIONS REAIS	10.041.174,97 €	8.414.471,56€	18.455.646,53 €	11.252.100,35 €	47,59
7.TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	877.058,29 €	2.102.670,67 €	2.979.728,96 €	1.679.693,18 €	56,37
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	-----	300.000,00 €	116.200,00 €	38,73
9. PASIVOS FINANCEIROS	5.151.469,25 €	5.334.941,26 €	10.486.410,51 €	10.398.801,88 €	99,16
<b>TOTAL</b>	<b>66.307.000,00 €</b>	<b>20.157.481,27 €</b>	<b>86.464.481,27 €</b>	<b>70.643.953,50€</b>	<b>81,70</b>

Capítulo de ingresos	Previsións iniciais	Modificacións	Prev. definitivas	DRN	% *
1. IMPOSTOS DIRECTOS	4.500.000,00 €	-----	4.500.000,00 €	3.960.752,66 €	88,02
2.IMPOSTOS INDIRECTOS	3.058.000,00 €	-----	3.058.000,00 €	3.014.279,25 €	98,57
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	5.766.259,14 €	132.258,46 €	5.898.517,60 €	5.120.684,86 €	86,81
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	50.038.583,35 €	2.266.411,13 €	52.304.994,48 €	63.013.866,70 €	120,47
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	292.262,75 €	-----	292.262,75 €	236.867,04 €	81,05
6. ALLEAMENTO DE INVERSIONS REAIS	51.000,00 €	1.154.171,42 €	1.205.171,42 €	1.207.718,52 €	100,21
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.300.894,76 €	2.357.454,38 €	4.658.349,14 €	2.909.602,82 €	62,46
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	14.247.185,88€	14.547.185,88 €	1.063.899,60 €	7,31
<b>TOTAL</b>	<b>66.307.000,00€</b>	<b>20.157.481,27 €</b>	<b>86.464.481,27 €</b>	<b>80.527.671,45 €</b>	<b>93,13</b>

\*A porcentaxe indica o grao de execución de cada un dos capítulos (clasificación económica), sobre os créditos definitivos e sobre as previsións de ingresos definitivas.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE**

Obsérvase que a diferenza entre os créditos definitivos e os iniciais e a diferenza existente entre as previsións definitivas e as iniciais é coincidente, o que indica que a tramitación das modificacións cuantitativas é correcta, provocando o mesmo aumento no estado de gastos que no de ingresos, respectando así o equilibrio orzamentario.

O Importe total das modificacións cuantitativas orzamentarias aprobadas ascendeu a 20.157.481,27 €, tanto en ingresos coma en gastos, dando lugar a que os créditos e previsións definitivas ascenderan finalmente a 86.464.481,27. Este importe supón un incremento dun 30,4% sobre os créditos e as previsións iniciais. Obsérvase tamén que os dereitos recoñecidos netos foron superiores en 9.883.717,95 € ás obrigas recoñecidas netas. Esta diferenza pon de manifesto un superávit orzamentario polo referido importe, aspecto que se analizará polo miúdo no apartado adicado ó Resultado Orzamentario.

Tendo en conta a información exposta cabería concluír o que segue:

- O grao global de execución do orzamento de gastos en 2013 foi dun 81,70%, que contrasta co 93,13 % do nivel de execución dos ingresos. É de destacar o alto nivel de execución dos capítulos I, IV e IX e a execución por debaixo do 60 % dos gastos financeiros, das transferencias de capital e dos activos financeiros.
- Atendendo ao estado de ingresos sinalar que os capítulos I, II, III, IV, V e VI amosan unha alta porcentaxe de execución respecto das previsións definitivas. Esta alta porcentaxe de execución de ingresos supón un dato positivo, consecuencia dunha orzamentación segundo datos reais, impedindo, deste xeito, reflectir ingresos ficticios e permitindo unha maior aproximación á realidade da recadación municipal. Pola contra destacan os menores dereitos recoñecidos en concepto de transferencias de capital en comparación coas previsións orzamentadas..

Cuarto.- Resultado Orzamentario do exercicio:

A definición e o cálculo do Resultado Orzamentario recóllese nos artigos 96 e 97 do RD 500/90 e nas regras 78 a 80 da ICAL. De acordo con esta normativa o resultado orzamentario pretende determinar si os dereitos por operacións orzamentarias do exercicio corrente foron ou non suficientes para atender as obrigas recoñecidas durante o exercicio,



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE**

tendo polo tanto signo positivo no primeiro caso e negativo no segundo. Matematicamente pode expresarse do seguinte xeito:

$$RP = DRN - ORN$$

Onde,

RP=Resultado orzamentario

DRN=dereitos recoñecidos netos durante o exercicio

ORN=obrigas recoñecidas netas durante o exercicio

Sen embargo, tanto o art. 97 RD 500/90 como a ICAL prevén a realización dunha serie de axustes a este cálculo, motivados pola existencia de desviacións de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectado, e pola existencia de obrigas recoñecidas financiadas con remanente líquido de tesourería do exercicio anterior. O primeiro dos axustes mencionados motívase no recoñecemento de obrigas ou no recoñecemento de dereitos en exercicios distintos ó corrente, o que provoca un desfase temporal entre os dereitos recoñecidos e as obrigas financiadas con tales dereitos, que á súa vez falsearía o resultado orzamentario. O segundo dos axustes ven motivado porque a aprobación de modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais non da lugar a ningún asento contable de recoñecemento de dereitos derivado do remanente de tesourería para gastos xerais, mentres que o recoñecemento de obrigas si que da lugar ó asento "ADO" ou "O" correspondente. En consecuencia, de non realizarse este axuste, desequilibraríase o resultado orzamentario ó figurar un importe determinado por obrigas recoñecidas e ningún importe por dereitos recoñecidos derivados da utilización do Remanente de Tesourería para gastos xerais, o que levaría a un resultado orzamentario negativo erróneo.

Así, e antes de axustes, o Resultado Orzamentario total (incluíndo operacións financeiras e non financeiras) é o seguinte:

$$DRN = 80.527.671,45 \text{ €}$$

$$ORN = 70.643.953,50 \text{ €}$$

$$RP = 9.883.717,95 \text{ €}$$



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE**

Teñen a consideración de desviacións de financiamento os importes resultantes de comparar os ingresos efectivamente realizados, afectados á realización dun gasto concreto, co importe do gasto realizado e financiado con ese ingreso ou ingresos concretos, supoñendo que a execución de tales ingresos fose proporcional no tempo ó gasto realizado. Tal e como dispón a ICAL, as desviacións de financiamento que integran o resultado orzamentario son as desviacións de financiamento do exercicio, é dicir as que se obteñen como a diferenza entre os ingresos recoñecidos durante o exercicio afectados a ese gasto concreto e as obrigas recoñecidas nese exercicio ponderadas polo coeficiente de financiamento do exercicio.

O importe total das desviacións de financiamento positivas do exercicio (que minoran o resultado) ascende a 939.693,99€, e as negativas a 1.031.133,92 €.

Polo que se refire ó axuste derivado das obrigas recoñecidas financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, procede a realización dun axuste por importe de 6.191.174,01 €, derivado das obrigas recoñecidas derivadas das modificacións de crédito (suplementos, créditos extraordinarios e incorporación de remanentes) levadas a cabo durante o exercicio 2013 financiadas co remanente de tesourería para gastos xerais.

O Resultado Orzamentario axustado segundo os apartados anteriores é o seguinte:

1. Resultado Orzamentario antes de axustes: 9.883.717,95 €
2. Gastos financiados con Remte Tesour. Xeral: 6.191.174,01 €
3. Desviacións de financiamento negativas: 1.031.133,92 €
4. Desviacións de financiamento positivas: 939.693,99 €
5. Resultado Orzamentario axustado (1+2+3-4): 16.166.331,89 €

Obsérvase unha evolución positiva no Resultado Orzamentario con respecto ao exercicio anterior, xa que pasa de 7.394.332,30 en 2012 a 16.166.331,89 en 2013.

Quinto.- Remanente de Tesourería:

O Remanente de Tesourería regúlase no art. 191 TRLRFL e 101 RD 500/90. A cuantificación porá de manifesto os seguintes importes:



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE**

(+) Dereitos pendentes de cobro, por operacións orzamentarias e non orzamentarias, ó peche do exercicio

(-) Obrigas pendentes de pago, por operacións orzamentarias e non orzamentarias, ó peche do exercicio

(+) Fondos líquidos da Tesourería ó peche do exercicio

O detalle dos compoñentes do Remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do exercicio 2013 é o seguinte:

<b>1. (+) Fondos líquidos</b>		<b>16.261.021,97 €</b>
<b>2. (+) Dereitos pendentes de cobro</b>		<b>15.359.970,63 €</b>
(+) de Orzamento corrente	7.056.478,38 €	
(+) de Orzamentos pechados	7.981.676,82 €	
(+) de operacións non orzamentarias	5.479.996,32 €	
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	5.158.180,89 €	
<b>3. (-) Obrigas pendentes de pago</b>		<b>12.219.521,24 €</b>
(+) de Orzamento corrente	7.471.321,30 €	
(+) de Orzamentos pechados	423.815,65 €	
(+) de operacións non orzamentarias	4.901.789,14 €	
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	577.404,85 €	
<b>I. Remanente de tesourería total (1 + 2 - 3)</b>		<b>19.401.471,36 €</b>
<b>II. Saldos de dubidoso cobro</b>		<b>2.223.333,20 €</b>
<b>III. Exceso de financiación afectada</b>		<b>734.212,89 €</b>
<b>IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I - II - III)</b>		<b>16.443.925,27 €</b>

O Remanente de Tesourería Total, de acordo co exposto nos apartados anteriores ascende a 19.438.103,17 € resultante de deducir aos dereitos pendentes de cobro totais máis os





**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE**

fondos líquidos, as obrigas pendentes de pago totais, todos eles referidos á data do peche do exercicio.

De acordo cos art. 191 TRLRFL, 102 RD 500/90 e a ICAL, o Remanente de Tesourería total (RT) debe ser deducido por:

- Os saldos de dubidoso cobro.
- O exceso de financiamento afectado (integrado polas desviacións de financiamento positivas acumuladas)

O Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece no seu artigo 191 que a cuantificación do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando de acordo co que reglamentariamente se estableza os dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil o imposible recadación.

O artigo 193.bis do TRLHL, introducido polo número un do artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 decembro, de racionalización e sosteñibilidade da Administración Local, sinala:

*“Las Entidades Locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación con los siguientes límites mínimos:*

- a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.*
- b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.*
- c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75 por ciento.*
- d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento.”*

O importe dos dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible recadación ven dado pola parte do saldo da conta 490 “provisión para insolvencias”, que corresponda a dereitos de carácter orzamentario ou non orzamentario incluídos no cálculo do remanente de



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE**

tesourería, que no noso caso coincide coa totalidade do importe do saldo citado, que ascende a 2.223.333,20 €.

O importe das desviacións de financiamento positivas, acumuladas e globais por proxecto recóllese no estado de desviacións de financiamento, sendo o seu total de 734.212,89 €. Para o cálculo de ditas desviacións estase ao disposto nas Regras 49, 50 e o apartado 20.4 da Memoria da Conta Xeral da ICAL/04.

O feito de obter un remanente de tesourería para gastos xerais positivo supón dispor da financiación necesaria, para a incorporación ao exercicio 2014, daqueles remanentes de crédito que non teñan financiación afectada así como para levar a cabo outras modificacións orzamentarias ao longo do exercicio 2014, como poden ser a concesión de créditos extraordinarios ou de suplemento de crédito. Así mesmo, haberá que ter en conta o disposto no artigo 32 e na Disposición Adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira.

Neste punto compre facer mención á precisa implantación dun estrito control do gasto orzamentario, dirixido a garantir, con carácter previo á súa realización, que non se executen gastos por enriba dos créditos orzamentarios autorizados. A este respecto, esta Intervención advirte que de xeito sistemático, as facturas sometidas a fiscalización corresponden a gastos realizados sen a previa presentación da proposta de gasto preceptiva por parte dos servizos xestores.

A inexistencia da previa proposta de gasto xera unha falta de control sobre a existencia de crédito para os expedientes de gasto en curso, permitindo que se poidan adquirir bens e servizos por importe superior ás consignacións orzamentarias, e dando lugar á existencia de gastos realizados sen crédito orzamentario e á acumulación de operacións pendentes de aplicar ó orzamento por carecer de crédito orzamentario suficiente, obrigando á súa imputación orzamentaria en exercicios posteriores a través de expedientes de recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Sexto.- Análise do aforro neto e do nivel de endebedamento

Coa finalidade de determinar o estado da capacidade financeira da Deputación Provincial de Ourense, procédese á análise da información sobre o endebedamento a 31 de decembro de 2013.

De acordo co disposto no artigo 53.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, para o cálculo do aforro neto debe restarse ao aforro bruto o importe dunha anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos concertados a longo prazo e dos avalados pola corporación, pendentes de reembolso, que se determinará en todo caso en termos constantes, incluíndo os xuros e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación.

(1) Dereitos liquidados en 2013, cap. 1 a 5	75.346.450,51 euros
(2) Obrigas liquidadas en 2013, cap. 1, 2 e 4	46.396.688,06 euros
(3) Aforro bruto	<b>28.949.762,50 euros</b>
(4) Anualidade endebedamento actual longo prazo	6.325.998,99 euros
(5) Obrigas recoñecidas derivadas de modificacións financiadas con remanente líquido de tesourería	6.191.174,01 euros
Aforro neto (3-4+5)	28.814.937,52 euros
<b>Porcentaxe aforro neto s/ingresos ctes.</b>	<b>38,24 %</b>
Capital vivo a 31/12/2013 a largo prazo	45.643.930,38 euros
<b>Porcentaxe capital vivo s/ingresos ctes.</b>	<b>60,58 %</b>

O Aforro neto, nos termos do disposto no artigo 53 do TRLFL, calcúlase pola diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos 1 a 5 (ambos incluídos) do estado de ingresos, e as obrigas recoñecidas polos capítulos 1, 2 e 4 do estado de gastos, minorada polo importe dunha anualidade teórica de amortización das operacións proxectadas e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso. No aforro neto non se incluírán o importe das obrigas recoñecidas derivadas de modificacións de crédito financiadas con remanente líquido de tesourería



Dos cálculos efectuados é posible concluír que o Aforro Neto é positivo e que o nivel de endebedamento está por debaixo do 110 % sobre os recursos correntes.

O apartado un da disposición adicional septuaxésima terceira da lei 17/2012, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, modificada no seu parágrafo cuarto polo RD Lei 3/2013, de 22 de febreiro, polo que se modifica o réxime das taxas no ámbito da Administración de Xustiza e o sistema de asistencia xurídica gratuíta, dispón que *“No caso de que as entidades locais presenten aforro neto negativo ou endebedamento superior ao 75 por cento dos seus ingresos correntes liquidados no exercicio inmediato anterior.....as corporacións locais, mediante acordo dos seus respectivos Plenos, deberán aprobar un plan de saneamento financeiro ou de redución da débeda para corrixir, nun prazo máximo de cinco anos, o signo do aforro neto ou o volume de endebedamento”*

Dado que o volume de endebedamento da Deputación Provincial por debaixo do porcentaxe do 75 %, polo que non haberá que aprobar ningún plan de saneamento financeiro.

### **CONCLUSIÓN.-**

Este informe preceptivo da Liquidación do Orzamento do exercicio de 2013 por parte da Intervención emítese en sentido favorable á súa aprobación coas consideracións citadas anteriormente, por considerar que a contabilidade do exercicio reflicte debidamente os movementos orzamentarios.

Ourense, a 27 de febreiro de 2014

A Interventora,

Mónica Legaspi Díaz